

CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2020

O Departamento de Comercio do Concello de Santiago convoca o concurso de escaparates de Nadal 2020, coas seguintes bases:

1. O concurso de escaparates de Nadal ten como obxecto promover a creatividade dos comerciantes á hora de presentar os seus escaparates e produtos, fomentar a cultura da innovación e da calidade no sector comercial e contribuír á súa reactivación económica de cara á campaña de Nadal.
2. Poderán participar no concurso todos os comercios polo miúdo e negocios de servizos do municipio de Santiago que dispoñan de escaparate aberto ás rúas. No caso de que unha mesma persoa propietaria desexe participar con máis dun establecemento deberá presentar unha solicitude por cada un dos diferentes escaparates que opten aos premios.
3. O tema que deben desenvolver será o Nadal, con total liberdade en canto á súa interpretación, deseño, técnica e estilo. Na valoración dos escaparates terase en conta a integración dos produtos á venda; a composición do escaparate e a súa adaptación á temática de Nadal; a distribución dos elementos; a harmonía das gamas cromáticas, formas, texturas e materiais; a mensaxe ou idea que se transmite; a interacción co público; o emprego de técnicas sostibles, de materiais de refugallo ou de elementos naturais; a invisibilidade dos elementos auxiliares precisos para a súa construción e mais o grao estimado de traballo empregado na conformación do escaparate final.
4. Os establecementos interesados deberán cumprir co que segue, dentro do prazo de presentación das solicitudes:
 - a) Presentar obrigatoriamente a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos, a través de formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal).
 - b) Enviar entre unha e catro fotografías horizontais do escaparate que se presenta ao concurso, en formato jpg, gif ou png. No seu conxunto, as fotografías non poderán superar o peso de 40 MB e enviaranse a través desta [ligazón](#).
 - c) De xeito opcional, poderanse acompañar dunha memoria explicativa do concepto de escaparate e das técnicas ou materiais utilizados na súa execución. Esta memoria achegarase xunto coas fotografías e a través da mesma [ligazón](#).
5. O prazo de presentación a concurso ábrese coa publicación destas bases e remata o día 10 de decembro ás 15 h.

6. As persoas participantes comprométese a manter os escaparates decorados e visibles ao público ata o 5 de xaneiro de 2021. Comprométese tamén a manter os establecementos iluminados e nas condicións que permitan que o xurado poida visualizar claramente os escaparates. Aos comercios participantes entregaráselles un adhesivo de identificación que deberán colocar obrigatoriamente no exterior do escaparate.

7. Establécense dúas categorías de premios:

a) **Premios escaparate do xurado**, outorgados por un xurado presidido polo alcalde de Santiago (sen voto) e integrado por profesionais de recoñecido prestixio nas áreas do deseño, o marketing e a promoción comercial, o escaparatismo, a fotografía ou o deseño de interiores, cuxa decisión será inapelable.

Dentro desta categoría:

Primeiro premio, dotado con 3.000 €

Segundo premio, dotado con 2.000 €

Terceiro premio, dotado con 1.000 €

Premio ao escaparate sostible, dotado con 1.000 €

O xurado poderá, ademais, conceder dous accésits dotados con 500 €

b) **Premios do público**, outorgados mediante votación do público que se levará a cabo na páxina de Facebook do Departamento de Comercio do Concello de Santiago:

Primeiro premio, dotado con 2.000 €

Segundo premio, dotado con 1.000 €

Os premios poderán ser declarados desertos.

8. Entre todos os escaparates presentados a concurso, os membros do xurado realizarán unha selección de 15 finalistas entre os que se decidirán os escaparates premiados. Os membros do xurado resérvanse a opción de visitar individualmente os escaparates finalistas.

Para os premios do público as votacións realizaranse sobre os 15 finalistas entre os días 16 e 21 de decembro. Os premios daranse a coñecer o día 22 de decembro mediante a súa publicación na páxina web do Departamento de Comercio, comercio.santiagodecompostela.gal.

9. A concesión dos premios queda condicionada á existencia de crédito na partida económica 010 43100 4790100 dos orzamentos do ano 2020 e estarán suxeitos á retención ou tratamento fiscal que corresponda.

10. A **formalización e o pagamento do premio** está condicionado á tramitación do expediente correspondente por parte do Concello. Para iso, as **persoas propostas como gañadoras** deberán **achegar** a través da sede electrónica do Concello, sede.santiagodecompostela.gal, **antes do día 28 decembro, coma data límite**, a documentación seguinte:

a. Tarxeta de identificación fiscal (persoas xurídicas) ou documento de identidade (persoas físicas)

b. Certificado de titularidade da conta bancaria onde debe facerse efectivo o premio.

c. Certificado de non ter débedas co Concello de Santiago. Esta circunstancia será comprobada de oficio polo propio Concello. Se, realizada a comprobación, constase a

existencia de débedas, a persoa proposta como gañadora, perderá o seu dereito ao premio.

- d. Os certificados de non ter débedas coas administracións tributarias e coa Seguridade Social substitúense por unha declaración responsable que xa consta integrada no formulario da solicitude de participación.

11. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar será establecida polo xurado ou, se é o caso, pola organización do concurso.

12. A participación implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.